



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

Asunción Sardón Blanco, secretaria xeral do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno, que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2012, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 3.- Adopción de acordo en relación á execución da sentenza no recurso P.O. nº 4326/2009, de D. Alonso Pereiro Pita, sobre aprobación parcial definitiva do P.X.O.M. (orde de 11 de marzo de 2009)

“Visto documento correspondente ao grafiado en planos do PXMO da execución da sentenza nº 1318 de data 16 de decembro de 2010, recaída en recurso 4326/2009 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo, interposto por D. Alonso Pereiro Pita, contra a Orde de 11.3.2009 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sobre aprobación definitiva parcial do PXMO.

Emitidos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente, ao Concello Pleno propónse que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conformidade ao grafiado que recolle o fallo da sentenza de 16 de decembro de 2010, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo, nos planos do PXMO: 1 (18) de estrutura xeral e orgánica; 26 B de ordenación; 3 (18) de xestión; 26 de ordenación urbanística do documento de cumprimentación da Orde de 11 de marzo de 2009, que grafía a pegada sonora do Plan Director do Aeroporto de A Coruña.

Segundo.- Remitir o documento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aos efectos oportunos, ben en orde a outorgar súa conformidade ou ben a efectos de plantear incidente de execución de sentenza de non estar de acordo cos medios e o procedemento a seguir para completar a execución da sentenza mencionada (art. 109 da LXCA).

Terceiro.- Notificar a D. Alonso Pereiro Pita

Cuarto.- Dar conta ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª, solicitando que se teña por executada a sentenza nº 1318, recaída en recurso 4326/2009.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de xaneiro de 2012.-

Vº e Praxe

O alcalde,

Ángel García Seoane

